

ASOCIACIÓN CULTURAL GALEGA DE FORMACIÓN PERMANENTE DE ADULTOS

Aulas de Terceira Idade de Galicia (ATEGAL) - 2014

SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CORUÑA

VIGO

FERROL

OURENSE

LUGO

PADRÓN

VILALBA

MONTERROSO



ÍNDICE

A Filosofía	4
Os Obxectivos	5
Os Programas	7
As novidades	9
As Aulas de Santiago de Compostela	11
Actividades destinadas aos alumnos.....	14
Horarios	18
Actividades de carácter xeral.....	21
Outras Actividades	23
As Aulas de A Coruña	25
Actividades destinadas aos alumnos.....	26
Horarios	29
Actividades de carácter xeral.....	31
Outras Actividades	32
As Aulas de Vigo	34
Actividades destinadas ós alumnos.....	35
Horarios	39
Actividades de carácter xeral.....	43
Outras Actividades	46
As Aulas de Ferrol	47
Actividades destinadas ós alumnos.....	49
Horarios	52
Actividades de carácter xeral.....	54
Outras Actividades.....	55
As Aulas de Ourense	56
Actividades destinadas ós alumnos.....	57
Horarios	61
Actividades de carácter xeral.....	63
Outras Actividades	64
As Aulas de Lugo	66
Actividades destinadas ós alumnos.....	67
Horarios	69
Actividades de carácter xeral.....	71
Outras Actividades	72

As Aulas de Padrón	74
Actividades destinadas ós alumnos.....	75
Horarios	80
Actividades de carácter xeral.....	82
Outras Actividades	83
As Aulas de Monterroso	88
Actividades destinadas ós alumnos.....	89
Horarios	91
Actividades de carácter xeral.....	91
As Aulas de Vilalba	92
Actividades destinadas ós alumnos.....	93
Outras Actividades.....	94
Colaboradores	95

FILOSOFÍA

"O envellecemento positivo é un proceso natural no marco dun proxecto vital de desenvolvemento persoal, solidario e compartido".
(Pierre VELLAS¹)

Esta frase, que resume a filosofía que inspira a creación e o funcionamento das Aulas e Universidades da Terceira Idade, sintetiza o espírito co que a dirección, os responsables e os monitores das mesmas traballan **CON** e non **PARA** o colectivo denominado "Terceira Idade", desenvolvendo un amplo programa de actividades de formación permanente e de animación sociocultural. En efecto:

- **Proceso** significa continuidade, non ruptura, non desconexión, non indefensión ante unha nova etapa da vida, aludindo, polo tanto, á necesidade de abordar esta coa "bagaxe" de experiencias e recursos acumulados nas etapas anteriores.
- **Natural** porque o envellecemento non é unha enfermidade, senón unha "oportunidade" de vivir e contemplar a vida desde novas perspectivas.
- **Desenvolvemento** implica cambio, dinamismo, adaptación, enriquecemento, aprendizaxe, incorporación de novos elementos e recursos que permiten facer fronte con éxito aos conflitos existenciais.
- **Persoal** significa individual, propio, conforme cos desexos e expectativas de cada un e tamén marcado polas propias circunstancias, que ten lugar nunha sociedade concreta e nunha realidade cambiante.
- **Solidario** fai referencia á necesidade de toda as persoas de calquera idade de sentir socialmente útiles, capaces de contribuír á felicidade allea e de manter un equilibrio entre o **DAR** e o **RECIBIR**.
- **Compartido** porque a persoa de idade avanzada é un membro máis dunha familia, dun grupo, dunha comunidade, dunha sociedade, nos que debe e ten dereito a desenvolver unha función persoal e socialmente enriquecedora.

OS OBXECTIVOS

O programa de animación sociocultural e formación permanente de adultos **AULAS DA TERCEIRA IDADE** se desenvolve en Galicia de xeito ininterrompido desde o curso 1978-79.

O longo destes máis de trinta anos, os obxectivos fundamentais mantivéronse, pero a experiencia e a vocación das Aulas de adaptarse continuamente á realidade social e cultural das persoas maiores, así como a incorporación das correntes de pensamento máis avanzadas no que se refire ás políticas de intervención e ao aprendizaxe da Terceira Idade, fixeron que se foran reformulando pouco a pouco.

Hoxe podemos resumilos nos seguintes:

- **Promover a cultura**, entre tódalas persoas maiores facilitándolles a adquisición de novos coñecementos e a actualización dos que xa posúen.
- **Facilitar o coñecemento** da historia, a literatura, a xeografía, a arte e o patrimonio cultural de Galicia, así como dos cambios económicos, sociais e culturais que teñen lugar na nosa sociedade.
- **Motivar o interese e facilitar a participación** en todas aquelas iniciativas e acontecementos cívicos de carácter cultural, artístico e social promovidos en beneficio das persoas maiores.
- **Concienciar** á sociedade no seu conxunto dos problemas que afectan a este colectivo, fomentando a participación das propias persoas maiores na busca de alternativas e solucións.
- **Facilitar a posibilidade** de que as persoas maiores empreguen o seu tempo de lecer en actividades de carácter creativo e artístico continuando o seu proceso de desenvolvemento e formación persoal, así como en programas de animación e voluntariado.
- **Facilitar a convivencia** entre as propias persoas da Terceira Idade e cos máis xoves a través dos intercambios e debates interxeracionais, así como a adaptación á situación de xubilación.
- **Promocionar a saúde integral** mediante a información, a educación sanitaria, o exercicio físico axeitado e o desenvolvemento psíquico e intelectual acordo coas posibilidades persoais.

- **Promover os intercambios** con outros colectivos de Terceira Idade e cos programas similares levados a cabo a nivel rexional, nacional e internacional, tanto polas Universidades da Terceira Idade como por outras institucións públicas e privadas coios obxectivos e metodoloxía correspondan á filosofía das Aulas.
- **Fomentar a investigación** de calquera temática vinculada coa problemática da Terceira Idade e divulgar proxectos e iniciativas novedosas neste eido.
- **Dar a coñecer a problemática** da Terceira Idade aos colectivos máis xoves, especialmente nos centros de ensinanza secundaria e superior.
- **Facilitar a incorporación** das persoas maiores a programas e proxectos de solidariedade interxeracional, formándoos especificamente para realizar tarefas de voluntariado cultural e social nas que se poñan de manifesto os novos roles que as persoas maiores poden representar na nosa sociedade.

OS PROGRAMAS

Os programas das Aulas da Terceira Idade de Galicia comprenden unha serie de actividades de índole diversa que se desenvolven a nivel local, rexional, nacional e internacional e que agrupamos nos seguintes apartados:

I Actividades destinadas aos alumnos	II Actividades de servizo á comunidade	III Actividades de investigación	IV Actividades institucionais
<p>Actividades permanentes en catro grandes áreas: cultural, ocupacional da saúde e de lecer</p> <p>Actividades xerais Visitas culturais, conferencias, congresos</p> <p>Outras actividades de contido e periodicidade variable: cursos breves, etc.</p>	<p>Voluntariado: . Proxectos concretos de voluntariado social e cultural</p> <p>Formación de monitores que prestarán os seus servizos noutras entidades</p> <p>Programa “Contacontos” e actividades interxeracionais</p> <p>Asesoramento a institucións e profesionais</p>	<p>Colaboración con institucións e profesionais: estudio das problemáticas relacionadas coa Terceira Idade</p> <p>Investigación realizada polas propias Aulas: . Técnicas pedagóxicas novidosas . Investigación socioantropolóxica</p> <p>Publicacións e actividades de recuperación cultural</p> <p>Elaboración de unidades didácticas específicas e proxectos novidosos</p>	<p>Programas de colaboración coa Xunta de Galicia</p> <p>Colaboración coas Universidades galegas: alumnos en prácticas.</p> <p>Organización e participación en seminarios, congresos e xornadas</p> <p>Xestións encamiñadas á obtención de axudas financeiras complementarias</p>

ACTIVIDADES DESTINADAS AOS ALUMNOS

As actividades destinadas aos alumnos se desenvolven habitualmente ao longo do curso escolar, de outubro a xuño, e ocasionalmente en períodos de vacacións.

Agrupamos as actividades destinadas aos alumnos en tres grandes apartados: actividades permanentes, actividades xerais e outro tipo de actividades.

ACTIVIDADES PERMANENTES

Desenvólvense de luns a venres en horarios de mañá e tarde. As horas lectivas adicadas a este grupo de actividades varían, sobre todo en función do número de alumnos de cada Aula, pero tamén a causa das características particulares de cada unha delas (aulas dispoñibles, tipo de local, tempo de funcionamento, nivel de participación dos alumnos, existencia ou non de monitores voluntarios, etc.).

Estas actividades, seminarios e obradoiros, clasifícanse en catro grandes áreas:

- **área cultural:** seminarios de linguas modernas, historia viva, historia de Galicia, historia da arte, xeografía, literatura española e galega, lingua galega, etnografía, historia da música, etc
- **área de dinámica ocupacional:** obradoiros de debuxo, pintura, traballos manuais, expresión creativa, teatro, música, coral, informática e internet, etc.
- **área de saúde integral:** ximnasia de mantemento, ioga, tai-chi, pilates, obradoiros de memoria, desenvolvemento persoal, natación, etc
- **área de lecer:** viaxes de fin de curso, visitas culturais a museos e exposicións, asistencia a concertos, sendeirismo, etc.

ACTIVIDADES XERAIS

Son actividades de periodicidade variable, xeralmente abertas ao público de toda as idades, de xeito que a participación nas mesmas non está suxeita á condición de ser alumno das Aulas, polo que é a sociedade no seu conxunto é a beneficiaria das mesmas. Comprenden:

- conferencias sobre temas diversos,
- charlas-coloquio, mesas redondas.
- proxeccións, cinefórum.
- actuacións de grupos musicais e teatrais. actividades interxeracionais, etc.
- Congresos e encontros de diferentes Aulas

OUTRAS ACTIVIDADES

Englobamos neste concepto todas aquelas actividades levadas a cabo non contempladas nos apartados anteriores:

- exposicións
- servizo de biblioteca.
- actividades realizadas polos alumnos universitarios en prácticas, etc.
- Cursos breves de temática específica e con carácter esporádico complementarios das actividades de carácter permanente.

AS NOVAS DO ANO 2014

Este ano 2014 comezou con grandes esperanzas e grandes retos ao mesmo tempo. Nun momento de crise económica, cambios sociais e políticos e de inquedanza en toda a poboación continuamos a ofertar un amplo abano de actividades e a realizar novos proxectos. O colectivo de persoas maiores medra día a día e detectamos que cada vez son máis novos os que queren permanecer activos e informados fronte os cambios da sociedade. Por iso temos a esperanza para que todas estas actividades se poidan levar a cabo. Cada ano é un novo reto, unha nova ilusión e un novo esforzo e ao mesmo tempo unha satisfacción por poder estar aquí.

Neste novo curso 2014 aumentamos un ano máis no número de horas impartidas e o número de materias ofertadas en case todas as Aulas. Así mesmo, a pesar da subida de cotas anuais, seguimos aumentando o número de alumnos.

Como entidade pioneira no desenvolvemento do *envelhecimento activo*, para este ano 2014 destacamos o noso interese en fomentar:

- Actividades interxeracionais.
- A aplicación e uso das TICs na vida cotiá dos maiores.
- Promover hábitos de vida saudables.
- A información e formación socio-cultural das persoas maiores.

O proxecto **“Active Post-Working Life”** que presentou ATEGAL á convocatoria do **“I Premio Edad&Vida a proxectos innovadores no ámbito do envelhecimento activo e saudable”** foi escollida ganadora polo Xurado do Premio.

“Active Post-Working Life” consiste en formar e informar ao colectivo de persoas que van a xubilarse ou prexubilarse dos recursos e opcións que hai na súa cidade, para afrontar a nova etapa da súa vida cun proxecto ilusionante e realista e para conseguilo somos conscientes de que temos que partir dos intereses, necesidades e características individuais de cada persoa, posto que todos somos diferentes e temos realidades diferentes.

Tamén firmanos un convenio coa **Fundación Vodafone España con Ategal**, para facilitar o acceso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) ás persoas maiores. A través deste convenio temos clases de **Tablet e Smartphones** que da continuidade ao proxecto “**ATEGAL TIC**” iniciado con anterioridade, no ano 2004 en ATEGAL Santiago, e incorporar ás Aulas o uso de novas ferramentas como son as TABLETAS DIXITALES e os SMARTPHONES. Formar aos maiores no uso e manexo das Tablets e os Smartphones como instrumentos da vida cotiá para non quedar ao marxe dos tempos actuais.

Outro proxecto que imos levar a cabo é “**Conversas en Ategal**“ : unha proposta de conversas entre xente maior de distintos temas dunha forma informal. Este proxecto esta subvencionado pola Xunta de Galicia. Están programadas tres conversas:

- “Novos Estilos de vida” en Santiago
- “Ética e Valores” en Ourense
- “Voluntariado“ en Vigo

A primeira conversa “Novos Estilos de vida” realizouse en Santiago o 10 de decembro. Na mesa estiveron:

- Da. Manuela Barbeito del Río, usuaria do programa de Telexerontoloxía.
- Da. Josefina Senín Garabal, usuaria programa MiAvizor.
- D. Jaime Moreno Monjes, Cooperativa vivendas Trabensol.
- Da. Marina Alonso González, de O Lecer Vigo.
- Moderador: Victor Sariego, Periodista.

As outras dúas conversas están programadas para o ano 2015. As conversas retransmitiranse en directo por streaming, gravaranse e farase un vídeo.

O compromiso de ATEGAL é favorecer o envellecemento activo e a mellora da calidade de vida dos maiores. Estamos de acordo en que cada vez os maiores teñen que saber máis, participar máis e colaborar máis coa sociedade e ter máis peso na sociedade actual. O número de persoas maiores aumenta e cunha calidade de vida mellor, por tanto teñen un proxecto de vida por diante, que só entregándose aos demais de diferentes formas, serán capaces de afrontar esta etapa da vida felizmente, como non pode ser doutro xeito.

Aulas 3ª Idade ATEGAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Rúa Virxe da Cerca, 31
15703-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.-FAX: 981 58 15 33
coordinacion@ategal.com

AS AULAS DA TERCEIRA IDADE DESANTIAGO DE COMPOSTELA

As Aulas da Terceira Idade de Santiago de Compostela son, dende a súa fundación polo R.P. Francisco Gómez Fernández S.J., en 1978, Membros Titulares da Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade (A.I.U.T.A) Tamén son Membros Fundadores da Confederación Española de Aulas da Terceira Idade (CEATE). Son membros do Consello Municipal de Servizos Sociais. Dende o mes de xullo somos socios da EAEA (European Association for the Education of Adults)

Ocúpanse da Coordinación das Actividades e da Administración do conxunto das Aulas Galegas e funcionan como centro-piloto rexional co deseño e posta en práctica de proxectos e iniciativas novidosas no eido da formación e da intervención sociocultural coa Terceira Idade.

OS ALUMNOS

No curso 2013-2014 estiveron inscritos como alumnos nas Aulas da Terceira Idade de Santiago de Compostela 301 persoas (homes e mulleres) de máis de 50 anos, de diferentes niveis culturais e socioeconómicos, que participaron de maneira asidua nas actividades de carácter permanente da programación. Para participar nas actividades de carácter xeral non é preciso inscribirse como alumno, xa que estas están abertas ao público de todas as idades.

As cotas para este curso son de 100 € para as inscricións individuais e de 170 € para os matrimonios, coa posibilidade de pago fraccionado e de inscricións gratuítas para os alumnos de escasos recursos

Ademais pagan unha cota anual por actividade de 70€ para actividade de dúas horas a semana e de 40 € actividades dunha hora a semana, e as clases de informática cun prezo de 80

NOVAS ACTIVIDADES

Neste curso, puxemos en marcha o **PROXECTO SOCIAL-MENTE**, con actividades da área da saúde: **pilates, ximnasia de mantemento e estimulación cognitiva**. Estas actividades están consolidadas e teñen moito arraigo entre os nosos alumnos. Ademais neste proxecto incluímos **charlas de nutrición e alimentación saudable**. Unha alimentación equilibrada e a actividade física son os elementos que máis contribúen a ter un estilo de vida saudable. Por iso, é recomendable, dar a coñecer a importancia que ten o tipo de alimentación e a actividade física no mantemento da saúde. Este proxecto esta cofinanciado polo Concello de Santiago.

- **Fotografía Dixital** actividade que puxo en marcha un alumno de prácticas do ciclo formativo de Animación Sociocultural do Instituto de Pontepedriña, participaron 12 alumnos
- **Talleres de Customización** (dar nova vida a túa roupa), **Teatro, Tecidos, Trucos de Beleza**, que foron dirixidos polas alumnas de prácticas, do curso “ Especialista na Dinamización Xerontolóxica en Asociacións e Entidades do Terceiro Sector” do Proxecto Persoa V do concello de Santiago. Andrea Verdú Morant, Marián Martínez Barcia y Noelia Villaverde Rozas, cunha participación de 8 alumnos cada taller
- **Zumba** é un baile latino mezclado con exercicios aeróbicos, que traballa o sistema cardiovascular dunha forma lúdica a través da música, esta clase contou coa asistencia de 15 alumnos
- **Charlas de nutrición e alimentación** A base dunha boa nutrición reside no equilibrio, a variedade e a moderación da nosa alimentación. Pero a alimentación moderna urbana es moi a menudo desequilibrada, desestructurada e se soe xuntar cunha vida cada vez máis sedentaria dos maiores, nestas charlas a participación foi de 24 alumnos
- **Pilates na auga** Programa de actividades na auga destinada a homes e mulleres maiores na que se realizan exercicios cardiovasculares, respiratorios, musculares e articulares. Pretende conseguir unha mellora na calidade de vida beneficiando a axilidade, o equilibrio e o movemento. asistían 12 alumnos
- **Cine e literatura** Presentamos suxerencias interactivas entre Literatura e Cine, e dende o cine que procede da literatura. Para aprender a ver cine e mellorar a lectura e, con elo acceder a coñecementos culturais. asistencia de 18 alumnos
- **Tablet e Smartphones:** o proxecto consiste en dar continuidade ao proxecto “ATEGAL TIC” iniciado con anterioridade, no ano 2004 en ATEGAL Santiago, e incorporar as Aulas o uso de novas ferramentas como son as TABLETAS DIXITALES e os SMARTPHONES. En colaboración coa Fundación Vodafone España trátase de formar aos maiores no uso e manexo das Tablet e os Smartphones como instrumentos da vida cotiá para non quedar ao marxe dos tempos actuais. Leváronse a cabo dous cursos: un do sistema operativo IOS e outro do sistema Android. Participaron nestas clases un total de 16 alumnos
- **Curso de Educación para a Saúde** co doutor Raimundo López Ramón, unha hora os xoves pola mañá que ven a complementar as clases de Saúde e alimentación que dá Mª do Carmen Villegas os mércores pola tarde.
- O 1 de outubro celebramos o **día Internacional do Maior** cun almorzo saudable nas instalacións da praza de abastos, despois fixemos unha camiñada polo parque de Belvís e uns exercicios de estiramientos. Finalizamos o acto coa presentación do día

do maior por parte do Alcalde do Excmo. Concello de Santiago e as Conselleiras de Traballo e Benestar D^a Beatriz Mato e a de Sanidade D^a Rocío Mosquera Álvarez. Tamén houbo unha mesa redonda sobre os beneficios do exercicio físico nos maiores, con D. Ricardo Gurriarán catedrático xubilado de Educación Física, D. Ricardo Fra da Asociación Sarabia e D. Santiago Piñeiro médico de atención primaria que desenvolve un programa de exercicio físico para os maiores no concello de Narón.

ACTIVIDADES DESTINADAS ÓS ALUMNOS

SEMINARIOS

Estas actividades se desenvolven de luns a venres en horario de mañá e tarde, de outubro a xuño, seguindo o calendario escolar. Estas actividades corresponden a tres grandes apartados.

ÁREA CULTURAL

INGLÉS

Dúas sesións semanais de unha hora de duración con tres niveis: básico, intermedio e avanzado.

Alumnos participantes: 49 alumnos.

FRANCÉS

Unha sesión de hora e media á semana. Nocións de lingua francesa (expresión oral e escrita), tradución francés- español, español- francés.

Alumnos participantes: 18 alumnos

LITERATURA ESPAÑOLA

Unha sesión semanal dunha hora de duración, estudo dos movementos literarios máis representativos, autores, análise de textos e exercicios prácticos.

Número de alumnos: 12 alumnos

HISTORIA DA ARTE

Unha sesión semanal dunha hora de duración, a actividade complementase coa realización de visitas culturais relacionadas cos temas tratados (**Ver apartado adicado a Visitas Culturais**), así como exercicios prácticos.

Alumnos participantes: 35

ETNOGRAFÍA

Unha sesión semanal dunha hora de duración. Orixe de Galicia, pequena historia de Galicia a través dos mapas. O Escudo, significado do mesmo e evolución. A bandeira galega: orixe e transformación. O Himno Galego. Xeografía Física: as montañas, as rías, as eras xeolóxicas e as rocas. A Paixase de Galicia e os elementos do mesmo.

Alumnos participantes: 28

AREA DA SAÚDE

IOGA

Dúas sesións semanais dunha hora de duración cada unha. Exercicios de respiración, relaxación activa e potenciación da flexibilidade corporal.

Alumnos participantes: 20

PILATES

Dous grupos, dúas sesións semanais dunha hora de duración cada grupo. Exercicios suaves, fluídos e continuados que presididos por una respiración adecuada y una relaxación dinámica, logra un mantemento y benestar corporal óptimo sen esforzo algún. A práctica regular de pilates aporta resistencia do tecido óseo, forza -resistencia, flexibilidade, diminúe a tensión nerviosa, mellora o rendemento e a eficacia do corazón, aumenta o rendemento e a capacidade respiratoria en xeral

Alumnos participantes: 36

XIMNASIA

Un grupo, dúas sesións semanais dunha hora de duración cada grupo. Exercicios de respiración, coordinación, mobilidade e mantemento, con especial atención ao sistema locomotriz.

Alumnos participantes: 28

IOGAILATES

Unha hora semanal. No método Pilates conséguese con rapidez unha boa tonificación “ganase forza! É unha ximnasia suave ademais de forte. No Ioga é unha importante na disciplina da mente. Que nos axuda a levar unha vida mais equilibrada, corpo mente y emocións

Unindo estas dúas disciplinas que teñen en común o contacto co corpo, aportando nunha mesma sesión fortaleza e tranquilidade

Alumnos participantes: 18 alumnos

OBRADOIRO DE MEMORIA

Unha sesión semanal de hora e media de duración. Esta actividade comprende:

- Desenvolvemento de capacidades persoais (memoria táctil, auditiva e visual), expresión verbal e non -verbal, coordinación, atención, etc.
- Xogos cooperativos. Propostas de xogos familiares e/ou interxeracionais.
- Recuperación de xogos populares
- Fomento do espírito grupal e da capacidade expresiva.

Alumnos participantes: 25

CHARLAS DE NUTRICIÓN E ALIMENTACIÓN SAUDABLE

Neste obradoiro vense implicados varios dos obxectivos plantexados no noso programa. A alimentación san e equilibrada nutricionalmente, é básica para manter un estado de saúde razoable, influíndo nas constantes esenciais do estado xeral dunha persoa mais si esta é un neno o unha persoa maior. Unha sesión semanal dunha hora de duración.

Alumnos participantes: 24 alumnos

ÁREA OCUPACIONAL

MÚSICA

Dúas sesións de unha hora de duración (**Ver apartado adicado ás actuacións musicais e teatrais**).

Iniciación á música, técnicas vocais, exercicios de respiración, canto coral e utilización de pequenos instrumentos de percusión, algúns construídos polo propio grupo.

Alumnos participantes: 28

DEBUXO E PINTURA

Tres grupos. Unha sesión semanal de dúas horas de duración cada grupo. Emprego de diversas técnicas: carbón, pastel, acuarela, alleo e acrílico. O traballo no obradoiro complétase coa realización de visitas culturais a exposicións celebradas na nosa cidade.

Alumnos participantes: 45

INFORMÁTICA

Nove grupos, dúas sesións semanais dunha hora de duración de outubro a maio.

Coñecemento de Windows Vista, procesamento de textos e Internet.

Alumnos participantes: 99 alumnos

TABLET E SMARTPHONES

Dúas sesións de hora e media de duración, divididas segundo o sistema operativo: IOS e Android. Formar aos maiores no uso e manexo das Tablets e os Smartphones como instrumentos da vida cotiá para non quedar ao marxes dos tempos actuais. 29 alumnos

HORARIO AULAS SANTIAGO CURSO 2013/2014

Luns

10,30-12,30 Pintura grupo I
10,30-11,30 Informática grupo I
11,30-12,30 Informática grupo II
17,00-20,00 Pintura grupo II
17:00-18:00 Inglés intermedio
18:00-19:00 Inglés perfeccionamento
17,00-18,00 Informática grupo III
18,00-19,00 Informática grupo IV
19:00-20:00 Inglés básico
18,30-19,30 Literatura

Martes

10:30/11:30 Ximnasia I
10,30-11,30 Informática grupo I
11,30-12,30 Informática grupo IV
11,00-13,00 Manualidades
17,00-18,00 Informática
18,30-20,00 Música
18,00-19,00 Informática grupo V
19,00-20,00 Informática grupo VI
18,00-19,00 Pilates
19,00-20,00 Pilates
19,00-20,00 Historia da arte

Mércores

10,30-11,30 Informática grupo I
11,30-12,30 Informática grupo II
10,30-11,30 Ioga
17,00-18,00 Inglés Intermedio
18,00-19,00 Inglés perfeccionamento
18,00-19,00 Inglés iniciación

17:00-18:00 Informática grupo III
18:00-19:00 Informática grupo IV

Xoves

10,30-11,30 Informática grupo IV
11,30-12,30 Informática grupo V
10,30-11,30 Ximnasia I
17,00-18,00 Informática grupo VI
11,30-13,00 Francés
18,00-19,00 Informática grupo VII
19,00-20,00 Informática grupo VIII
19,00-20,00 Etnografía
18,00-19,00 Pilates
19,00-20,00 Pilates
18.30-20.00 Tablet

Venres

10,30-11,30 Ioga
11.00-12.00 Awasan
10,30-12,00 Informática grupo IX

Total de horas lectivas adicadas ás actividades permanentes: 49,30 horas semanais

HORARIO AULAS SANTIAGO CURSO 2014/2015

Luns

10,30-12,30 Pintura grupo I
10,30-11,30 Informática grupo I
11,30-12,30 Informática grupo II
17,00-20,00 Pintura grupo II
17:00-18:00 Inglés intermedio
18:00-19:00 Inglés perfeccionamento
17,00-18,00 Informática grupo III
18,00-19,00 Informática grupo IV
19:00-20:00 Inglés básico
18,30-19,30 Literatura

Martes

- 10:30/11:30 Ximnasia I
- 10,30-11,30 Informática grupo I
- 11,30-12,30 Informática grupo IV
- 11,00-13,00 Manualidades
- 17,00-18,00 Informática
- 18,00-19,00 Música
- 18,00-19,00 Informática grupo V
- 19,00-20,00 Informática grupo VI
- 18,00-19,00 Pilates
- 19,00-20,00 Pilates
- 19,00-20,00 Historia da arte

Mércores

- 10,30-11,30 Informática grupo I
- 11,30-12,30 Informática grupo II
- 10,30-11,30 Ioga
- 11,30-12,30 Zumba
- 17,00-18,00 Inglés Intermedio
- 18,00-19,00 Inglés perfeccionamento
- 18,00-19,00 Inglés iniciación
- 17:00-18:00 Informática grupo III
- 18:00-19:00 Informática grupo IV

Xoves

- 10,30-11,30 Informática grupo IV
- 11,30-12,30 Informática grupo V
- 10,30-11,30 Ximnasia I
- 17,00-18,00 Informática grupo VI
- 11,30-13,00 Francés
- 18,00-19,00 Informática grupo VII
- 19,00-20,00 Informática grupo VIII
- 18,00-19,00 Música
- 19,00-20,00 Etnografía
- 18,00-19,00 Pilates
- 19,00-20,00 Pilates
- 18.30-20.00 Tablet de IOS

Venres

- 10,30-11,30 Ioga
- 10.30-11.30 Awasan

10,30-12,00 Informática grupo IX
11,00-12.30 Tablet e Smartphone de Android

Total de horas lectivas adicadas ás actividades permanentes: 49,30 horas semanais

ACTIVIDADES DE CARÁCTER XERAL

CLAUSURA DO CURSO 2013-2014

- Celebrouse o día 18 de xuño no Salón de Actos de San Agostiño
- Inauguración da exposición de pintura e traballos manuais de ATEGAL Santiago
- Lectura da Memoria das Actividades realizadas ao longo do curso pola Coordinadora Xeral das Aulas de 3ª Idade de Galicia Paula Sande Nieto.
- Intervención das autoridades. D. Marcial Méndez Magán, Subdirector de Planificación e Innovación da Xunta de Galicia
- Unhas verbas do Director das Aulas Rvdo. P.Rafael Romero Valencia
- Conferencia a cargo do Dr. D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística
- Actuación do Coro de Ategal Santiago e rematamos cunha comida de confraternidade

INAUGURACIÓN DO CURSO 2014- 2015

O martes 18 de novembro tivemos a Inauguración Oficial do curso, coa intervención da Coordinadora Xeral de Ategal Galicia, Da Paula Sande Nieto, o subdirector de Dependencia e Valoración da Discapacidade da Xunta, Jorge Rubén Sampredro; a representante do departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago, Ángeles Botas e o presidente de Ategal, Rafael Romero. O acto finalizou con un chocolate con churros para los participantes

VISITAS CULTURAIAS

Cada curso organizamos visitas culturais ás exposicións que veñen á cidade, e visitamos a catedral, Cidade da Cultura e asistimos aos acontecementos máis relevantes de Santiago.

- En xaneiro fixemos unha viaxe cultural a Toledo, con motivo do IV Centenario do Greco, visitamos a casa museo do Greco e o enterro do Conde Orgaz, a catedral de Toledo, Sinagoga do Tránsito e de volta a Madrid visitamos no Museo do Prado a exposición de Velázquez

- Visita Guiada a Catedral de Santiago para ver as luces da Consagración, guiada pola profesora de etnografía Mª Victoria Tizón.
- Dúas visitas guiadas a Cidade da Cultura para ver as exposicións “ Orinoco, viaxe a un mundo perdido” e “ Auga Doce” cando a auga e arte
- Visita guiada a exposición “ Segundo Hevia, Homenaxe Vida e Camiño ”.Fundación NovaCaixaGalicia en Santiago.
- Visita guiadas a Casa do Cabildo Exposición “Rúas de Compostela”.
- Visita guiada o museo das peregrinacións para ver a exposición de Miguel Anxo Prado e outra exposición sobre o Pórtico de la Gloria
- Celebramos o día das Letras Galega, adicado a Roberto Vidal Bolaño o acto foi preparado pola profesora de literatura Gloria Rico Galán e os seus alumnos, o final do acto, actuo a coral das Aulas cantou varias cancións en galego e finalizou o acto, cantando o Himno Galego.
- Visita cultural o Mosteiro de Armenteira e o Asentamento arqueolóxico Monte do Castro
- Visita ao pazo de Rubians en Vilanova de Arousa

VIAXE FIN DE CURSO POLONIA

Un grupo de 54 alumnos das Aulas de Santiago, Ourense y A Coruña visitamos Polonia, Varsovia, Wroclaw y Crocovia Agriento, esta viaxe realizouse do 9 de xuño o 16 de xuño.

ACTUACIÓNS MUSICAIS

Celebración das letras galegas en colaboración cos alumnos de literatura española e Actuacións do Coro de Ategal

Actuación do Coro das Aulas de Santiago de Compostela, no Festival de Nadal 2013

OUTRAS ACTIVIDADES

BIBLIOTECA

Os alumnos das Aulas poden beneficiarse dun servizo de biblioteca e lectura de prensa e revistas de actualidade. Os fondos dispoñibles víronse este ano amplamente incrementados polas dotacións da Consellería de Cultura por mor da nosa participación na Campaña de Fomento da Lectura dos Maiores e da Editorial Galaxia, así como polas apartacións dos propios alumnos das Aulas. A tarefa de rexistro das publicacións foi levada a cabo por alumnos voluntarios.

PROGRAMA “CONTACONTOS”

Tamén consideramos como unha actividade de servizo á comunidade, o Programa “Contacontos”, creado en 1993 con motivo da celebración do Ano Europeo da Solidariedade Interxeracional e que ten como obxectivo a formación de narradores e recuperación do conto popular para dar a coñecer a nosa tradición oral nos centros escolares. Formación de narradores e recompilación do conto popular para dar a coñecer a nosa tradición oral nos centros escolares.

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

As Aulas da Terceira Idade proporcionan información e prestan asesoramento a todas aquelas persoas e institucións que o demandan, especialmente a aqueles profesionais relacionados coa intervención sociocultural na Terceira Idade.

Tamén recibimos visitas ou mantemos correspondencia con responsables de programas similares tanto a nivel nacional como internacional.

Por outra parte, as Aulas son visitadas con frecuencia por estudantes universitarios de distintas especialidades que demandan información, tanto sobre o funcionamento e os programas, como sobre as características dos alumnos.

ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN

Sendo a investigación un dos obxectivos propios das Aulas da Terceira Idade dende a súa fundación, ademais de colaborar con todos aqueles investigadores que o solicitan, mantense un equipo permanente adicado á realización de estudos de diversa índole, no que participan o persoal permanente das Aulas, os monitores que o desexan e un grupo de alumnos e colaboradores interesados por esta cuestión

ASISTENCIA A CONCERTOS

Asistencia asidua ós concertos da programación estable do Auditorio de Galicia, grazas á colaboración entre esta entidade e as Aulas da Terceira Idade.

Prometio de alumnos participantes: 30 por concerto.

REUNIÓN DE CONFRATERNIDADE

Celebráronse reunións de confraternidade nas que participaron alumnos, monitores e responsables das Aulas con motivo de Nadal, Antroido e festas de fin de curso.

INTERCAMBIO CON OUTRAS AULAS

O intercambio de programas, publicacións, material didáctico e o contacto telefónico é permanente, tanto coas Aulas e Universidade da Terceira Idade españolas, como coas entidades estranxeiras, especialmente coas Universidades da Terceira Idade de Portugal.

Elaboración da Revista “Ategal”, en colaboración con todas as Aulas de Galicia e da Revista Dixital “ Rumorosos”

Asistencia das Aulas de Galicia as Reunións da Asemblea Xeral e de Comisións de Traballo en Madrid con Ceate.

PROGRAMAS INTERXENERACIONAIS

Os alumnos do master de xerontoloxía da USC acompañados polo seu profesor Onésimo Juncos, compartiron unha tarde de clase con nosos alumnos

Durante o curso celebramos unha actividade “ Xornada de Relacións Interxeneracionais no salón de actos de psicoloxía con alumnos de Psicoloxía, Educación Social, Traballo Social da Universidade de Santiago e alumnos de Ategal

Merenda Solidaria a favor da ONG Entreculturas con los alumnos de Ategal, alumnos do colexio de primaria San Francisco Xavier , alumnos da Universidade de Santiago. E alumnos do curso “Especialista na Dinamización Xerontolóxica en Asociacións e Entidades do Terceiro Sector” do programa Persoa V do concello de Santiago

A celebración consistiu na compra da merenda solidaria por parte de todos os participantes e a realización de xogos propostos polos alumnos do curso do concello nos que participaron os alumnos de primaria do colexio San Francisco Xavier e os alumnos de Ategal

Aulas 3ª Idade ATEGAL
A Coruña

Rúa Fonseca, 8
15004-A CORUÑA
Tfno.: 981 21 68 63
coruna@ategal.com

AS AULAS DA TERCEIRA IDADE DE A CORUÑA

As Aulas da Terceira Idade de A Coruña son, desde a súa fundación a comezos do ano 1979, Membros Titulares da Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade (A.I.U.T.A.). Tamén son Membros Fundadores da Confederación Española de Aulas da Terceira Idade (CEATE).

OS ALUMNOS

No curso 2013 -2014 estiveron inscritos como alumnos nas Aulas da Terceira Idade de A Coruña 297 persoas (homes e mulleres) de máis de 50 anos, de diferentes niveis culturais e socioeconómicos que participaron de maneira asidua nas actividades de carácter permanente da programación. As actividades de carácter xeral están abertas ao público de todas as idades.

A cota de inscrición anual é, de 100 € a inscrición individual, é de 180 € a inscrición por matrimonio, coa posibilidade de inscrición gratuíta ou semigratuíta para os alumnos de escasos recursos. Tamén aqueles alumnos que o desexen poden optar pola modalidade de pago fraccionado.

AS ACTIVIDADES DESTINADAS ÓS ALUMNOS

AREA CULTURAL

CIENCIAS SOCIAIS (ANTIGA XEOGRAFÍA E HISTORIA E HISTORIA DA ARTE

Unha sesión semanal de unha hora de duración, estúdanse os países do Mundo Hispano a súa economía e a súa xeografía, as súas costumes, folclore e historia en común con Galicia e España.

O outro grupo realiza unha sesión semanal de unha hora de duración a semán, analízase a vida e obra dos grandes artistas da escultura, da pintura e da arquitectura, ademais expóñense fotografías e láminas en xeral da vida dos grandes artistas das épocas do renacemento e do barroco, ademais de tratar o entorno político, económico e social da súa época.

Teste curso trabállanse de forma multidisciplinar as dúas materias xa que se conta có mesmo docente nas dúas disciplinas. É por iso que temos a posibilidade incluso de facer visitas culturais en relación coas disciplinas estudadas. Un exemplo é o caso da excursión do vindeiro 27 de novembro a Pontevedra, coa súa consecuente visita ó Museo Provincial de Pontevedra y a celebración dunha clase presencial insitu do Profesor José Doval.

Alumnos participantes: curso 2013-2014: 18, curso 2014-2015: 21

ÁREA DA SAÚDE

IOGA

Dous grupos de Ioga , dúas sesións a semana de unha hora de duración.

Exercicios de respiración, relaxación activa e potenciación da flexibilidade corporal. Ademais os alumnos reciben asesoramento bibliográfico sobre o tratamento do estrés, da fatiga e da convivencia co corpo na etapa de envellecemento da vida.

Alumnos participantes: Curso 2013-2014: 32 2014-2015: 29

TAI-CHI

Tres grupos, dúas sesións semanais de unha hora de duración cada grupo

Exercicios suaves, fluídos y continuados que presididos por una respiración adecuada y una relaxación dinámica, logra un mantemento e benestar corporal óptimo sen esforzo algún. A práctica regular do Taichí aporta resistencia do tecido óseo, forza-resistencia, flexibilidade, diminúe a tensión nervosa, mellora o rendemento e a eficacia do corazón, aumenta o rendemento e a capacidade respiratoria en xenar

Alumnos participantes:Curso 2013-2014: 47 2014-2015: 46

PILATES

Un grupo, unha sesión semanal de unha hora de duración cada grupo.

Exercicios de respiración, relaxación activa e potenciación da flexibilidade corporal. Cunha predominancia dos exercicios corporais por enriba dos exercicios de respiración e as técnicas de relaxación.

Alumnos participantes: Curso 2013-2014: 21 2014-2015: 22

OBRADOIRO DE MEMORIA

Un grupo de dúas sesións semanais de unha hora de duración.

Estimular e manter con exercicios deseñados, múltiples funcións cognitivas e cada unha con diferentes exercicios que ademáis manterán en uso outras áreas implicadas.

Potenciación da memoria visual e auditiva a corto e medio prazo grazas a utilización da sala de informática do centro.

Alumnos participantes: 2013-2014: 15 Curso 2014-2015: 20

ÁREA OCUPACIONAL

DEBUXO, PINTURA E MANUALIDADES

Dous grupos. Unha sesión semanal dunha hora de duración cada unha.

Diversas técnicas: debuxo, pastel, acuarela, alleo, etc.

Alumnos participantes: Curso 2013-2014: 26 Curso 2014-2015: 23

CORO

Unha sesión semanal de sesenta minutos de duración.

Iniciación a música, técnicas vocais, exercicios de respiración e canto coral. **(Ver apartado adicado ás actuacións musicais).**

Alumnos participantes: Curso. 2013-2014: 13 2014-2015 : 11

SOLFEO

Dúas sesións semanais de sesenta minutos de duración cada unha.

Iniciación a linguaxe musical, técnicas vocais, exercicios de respiración e canto coral a partir da lectura de partituras a unha e dúas voces. **(Ver apartado adicado ás actuacións musicais e teatrais).**

Alumnos participantes: Curso. 2013-2014: 17 2014-2015 : 14

RONDALLA

Tres sesións semanais de cuarenta e cinco minutos de duración cada unha. **(Ver apartado adicado ás actuacións musicais e teatrais).** Existe nivel principiante e nivel intermedio.

Alumnos participantes: Curso 2012-2013: 28 2013-2014: 31

INFORMÁTICA

Oito grupos, dúas clases semanais de sesenta minutos de duración cada unha de outubro a maio. Existe nivel principiante e nivel intermedio. Coñecemento de Windows Vista, procesamento de textos e Internet. Formación de monitores voluntarios que se ocuparán da aprendizaxe dos novos alumnos (autoformación).

Alumnos participantes: Curso 2013-2014:88, Curso 2014-2015: 71

**AULAS DE CORUÑA
HORARIO CURSO 2014-2015**

LUNS

10,00-11,00 Ioga
11,00-12,00 Ioga
17.00-18.00 Pintura
18.00-19.00 Pintura
18,00-19,00 Informatica
17,00-18,00 Solfeo
18,00-19,00 Coro
19.00-20.00 Informática

MARTES

11,00-12,00 Informática
12,00-13,00 Informática
10,00-11,00 Tai-Chi
11,00-12,00 Tai-Chi
12,00-13,00 Tai-chi
17,00-18,00 Estimulación Cognitiva
17,00-18.00 Informática
18,00-19,00 Informática
19,00- 20,00 Historia da Arte

MÉRCORES

10,00-11,00 Informática
11,00-12,00 Informática
11,00-12,00 Pilates
12,00-13,00 Pilates
11,00-12,00 Solfeo
11,30-12,30 Rondalla
10,00-11,00 Informática
11,00-12,00 Informática
18,00-19,00 Informática
19,00-20.00 Informática

XOVES

11,00-12,00 Informática
12,00-13,00 Informática

10,00-11,00 Tai-Chi
11,00-12,00 Tai-Chi
12,00-13,00 Tai-chi
17,00-18.00 Informática
18,00-19,00 Informática
19,00-20,00 Xeografía e Historia

VENRES

10,00-11,00 Informática
11,00-12,00 Informática
10,00-11,00 Ioga
11,00-12,00 Ioga
11,00-12,00 Rondalla
12,00-13,00 Rondalla
17.00-18.00 Pintura
18.00-19.00 Pintura
17:00-18:00 Estimulación Cognitiva
18:00-20:00 Cine Forum

Nº de alumnos matriculados 219

Total de horas lectivas semanais adicadas ás actividades permanentes: 42 horas semanais.

ACTIVIDADES DE CARÁCTER XERAL

As Aulas de A Coruña, ó igual que o resto das sedes das aulas galegas, fan unha aposta moi forte polo fomento de outras actividades ó marxe das actividades permanentes que inclúe: excursións, visitas a museos e exposicións de interese, comidas e ceas de confraternidades, voluntariado social, viaxes polo estranxeiro e por España, actos de clausura e apertura de curso, concertos de música, actuacións e exposicións.

- O Centro mantivo o pasado Curso 2013-2014 có compromiso adquirido en setembro de 2008 de celebrar unha conferencia cada dous semanas durante os oito meses centrais do Curso, o cal nos levou a acadar a frioleira de 23 ponenzas, cunha media de unha conferencia semanal durante o período do curso lectivo (octubro-maio), sendo un ano máis, un claro referente da vida cultural coruñesa do século XXI.

- Xunto cos ciclos de conferencias, o Centro organiza un clube de lectura quincenal onde se escolle unha obra para previa lectura e para posterior debate grupal de libros tanto en galego como en castelán.

- Ademais no Centro celébrase cada ano dende fai seis cursos as *Xornadas das Letras Galegas* nas que se inclúen catro ponencias, unha sobre música galega, outra sobre arte, outra sobre literatura adicada o autor e unha carta sobre xeografía e historia de Galicia, ademais de unha proxección de cinema galego e unha actuación da Coral Instrumental versionando diferentes pezas musicais na lingua de Rosalía.

